

Lazareto Diario


ESPazos TEUs

WWW.CORUNA.ES/PARTICIPACION

VOL. 1

REABRE O FARO DE OZA

6 -7 OUTUBRO 2018 / ACTO DE APERTURA, SÁBADO 6 DE OUTUBRO ÁS 13.00 HORAS



Pasaron máis de cincuenta anos dende que o dique de abrigo deixou sen utilidade ó Faro de Oza. Construído en 1917, este Faro era clave para enfiar a entrada dos barcos na ría da Coruña. Un século despois, reábrese para uso da veciñanza cun evento ideado para destacar as posibilidades do edificio e da súa ubicación privilexiada xunto á praia de Oza.

A reapertura, os días 6 e 7 de outubro, inclúe recitais, obradoiros, andainas guiadas, etc. Tamén se poderá visitar o faro de forma libre para coñecer de primeira man as condicións das instalacións e como solicitar o seu uso. Trátase do primeiro espazo da rede TEUs, edificios públicos que a Concellalía de Participación habilita para un uso cidadán.

Sábado 6

INAUGURACIÓN OFICIAL

BENVIDA E APERTURA SE ESTE FARO FALASE

MONÓLOGO CON ISABEL RISCO

6/10 DE 13.00 A 13.30

OBRADOIRO LÚDICO-LITERARIO

SEICA EN OZA

6/10 [+7/10] DE 17 A 18 HORAS

OBRADOIRO INFANTIL

MIMADRIÑA QUERIDA!

6/10 DE 17 A 19 HORAS

COLOQUIO VECIÑAL

MEMORIA DE AREA E SALITRE

6/10 DE 18 A 19.30 HORAS

RECITAL NA TERRAZA DO FARO

ALDAOLADO

6/10 DE 20 A 21.00 HORAS

Domingo 7

COA CONFRARÍA DE PESCADORES

PASEO ENTRE NASAS

7/10 DE 11.00 A 12.30 HORAS

SAÍDA DO ACCESO Ó PEIRAO DE OZA

RECITAL VOZ E CONTRABAIXO

SOPLO

7/10 DE 13 A 14.00 HORAS

CAPELA DE SANTA Mª DE OZA

MERENDIÑA NO ENTORNO DO FARO

XANTAR POPULAR

7/10 DENDE AS 14 HORAS

UNIÓN RADIOAFICIONADOS CORUÑA

CONECTANDO

7/10 DE 18 A 19 HORAS

ENCONTRO DE DEBUXANTES URBANOS

TRAZOS DO FARO

7/10 TODO O DÍA

Este evento realízase coa colaboración de colectivos, institucións e mais a veciñanza da zona de Oza. A inscrición previa non é necesaria pero o aforo das instalacións está limitado a 50 persoas. Nos obradoiros a participación máxima é de 20 persoas. Os pases para cada actividade programada daránse 30 minutos antes do seu inicio.

TEU
Espazos
abertos de uso
cidadán.

O Faro estará aberto o sábado 6/10 de 13 a 21 horas
e o domingo 7/10 de 12 a 20 horas. Tódalas actividades
son de libre acceso ata completar aforo (50 persoas)



CORUÑA
PRÓXIMA